

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015007	CEIP Plurilingüe de Cedeira	Redondela	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2024/2025, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase.

Concretamente, esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona rural, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro é de liña unha, é dicir, ten 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 6 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación é un grupo de 6 alumnos que se atopa no primeiro curso da etapa, polo que conta con seis anos de idade aproximadamente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O LUGAR NO QUE VIVO	Trataremos que o noso alumnado, durante esta primeira UD do curso, coñeza as expresións artísticas, a cultura e as festas máis destacadas do lugar no que vive. Outros contidos a tratar serán os desprazamentos e as viaxes pola contorna máis próxima e as relacións entre os/as alumnos/as: a escola e a familia. Trataranse aspectos como o respecto e coñecemento das normas básicas como peóns ou os dereitos e deberes como membros da sociedade que teñen os alumnos e alumnas, así como o respecto das opinións de todos os compañeiros/as a través do traballo da asemblea.	23	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	CONVIVENCIA E ACTITUDE I	Iniciación nas destrezas e hábitos de participación e curiosidade científica.	10	10	X		
3	QUEN VIVE AÍ?	Promoveremos un estilo de vida sustentable e analizaremos o uso da auga.	23	15		X	
4	CONVIVENCIA E ACTITUDE II	Desenvolvemento nas destrezas e hábitos de participación e curiosidade científica.	10	10		X	
5	O UNIVERSO	Introduciremos os conceptos básicos da Terra, o Sol e a Lúa, así como dos fenómenos metereolóxicos máis destacados.	24	10			X
6	CONVIVENCIA E ACTITUDE III	Desenvolvemento nas destrezas e hábitos de participación e curiosidade científica.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O LUGAR NO QUE VIVO	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	TI	100
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación con perspectiva de xénero das principais actividades profesionais e laborais na contorna. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
2	CONVIVENCIA E ACTITUDE I	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.

UD	Título da UD	Duración
3	QUEN VIVE AÍ?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural a través da indagación.	TI	100
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
4	CONVIVENCIA E ACTITUDE II	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.

UD	Título da UD	Duración
5	O UNIVERSO	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	TI	100
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Practicar normas básicas de convivencia.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próxima. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	CONVIVENCIA E ACTITUDE III	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Predominarán estilos de ensino cognoscitivos, onde o alumnado é o protagonista do proceso.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno
PDI
Ordenadores da sala de informática
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo
Mapas

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións). Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais. Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, asembleas... A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	23	10	23	10	24	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións da Unidade didáctica correspondente ao trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores tendo en conta as fichas relacionadas, o caderno de aula, a realización de traballos e exposicións grupais...

A cualificación en cada un dos trimestres, en relación ao traballo e a avaliación nas distintas unidades didácticas, obterase empregando a seguinte fórmula:

- 1º trimestre. Unidade didáctica 1: 70% + Unidade didáctica 2: 30%
- 2º trimestre. Unidade didáctica 3: 70% + Unidade didáctica 4: 30%
- 3º trimestre. Unidade didáctica 5: 70% + Unidade didáctica 6: 30%

A cualificación da avaliación final da área será a media ponderada das tres avaliacións.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios:

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto (no caso de decimais entre 0 e 49), atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns pedagóxicas as que prevalecerán na decisión da cualificación final a concretar.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de

profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas e obradoiros.	Impartidos polas familias do alumnado ou por persoas externas ao centro educativo.	X	X	X
Visitas pola contorna.	Andainas, roteiros, xornadas de convivencia para a celebración de tradicións e festas.	X	X	X
Saídas ao teatro, exposicións e actividades culturais.	Visitas culturais ofrecidas polo concello de Redondela ou outras entidades.	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao NEAE?
Clima de traballo na aula
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívoase contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Outros

Préstase atención aos elementos transversais plantexados?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados